



O ENFOQUE POR PROXECTOS avaliación

**RECURSOS DE AULA PARA O
DESENVOLVIMENTO DO
CURRÍCULO**



PROGRAMA DOCENCIA

obxectivos:

- *Contemplan a avaliación nos proxectos como avaliación reguladora*
- *Coñecer algúns Instrumentos e estratexias de avaliación inicial, continua e final nos proxectos*
- *Observar que a avaliación é un continuo nos proxectos, non é algo puntual.*

contidos:

- *Avaliación nos proxectos e regulación.*
- *Instrumentos e actividades de avaliación*
- *Avaliación da aprendizaxe, avaliación do desenvolvemento do proxecto.*

Traballaremos en equipos cooperativos e vivenciaremos propostas de avaliación, promovendo o debate e a reflexión grupal.

TRÁTASE DUNHA AVALIACIÓN FORMADORA E AUTORREGULADORA

- Como se concibe a avaliación repercute no tipo de ensino que se fai, é o auténtico **currículo oculto**. Metodoloxías aparentemente innovadoras quedan en nada cando se observa a avaliación
- Nun proxecto a avaliación debe ser unha avaliación **reguladora continua** (*adecuar* procedementos do profesorado ás necesidades e intereses do alumnado e *autorregularse* o alumnado para ir axustando as súas maneiras de aprender, *continua* porque non se dá nun momento específico).



El sistema de educación en una imagen.

"Todo el mundo es un genio. Pero si juzgas a un pez por su habilidad de trepar un árbol, pasará el resto de su vida creyendo que es un idiota."- Albert Einstein.

ESQUEMA DUN PROXECTO:

Que sabemos?

AVALIACIÓN INICIAL

Que queremos saber?

AUTOAVALIACIÓN PARTINDO DA AVALIACIÓN INICIAL

¿Onde buscamos...?

AVALIACIÓN INICIAL DE POSIBILIDADES E RECURSOS, AVALIACIÓN DA POTENCIA DAS FONTES

Que facemos coa información?

AVALIACIÓN INICIAL DE POSIBILIDADES , CONTINUANDO QUE SE FAI E FINAL DOS RESULTADOS

Que aprendemos?

AVALIACIÓN FINAL

Que categorías?

Guion

Como nos organizamos?

Que outras cousas poderíamos facer?

Como mellorar...?



PUNTO DE PARTIDA

- *¿COMO INTRODUCIMOS UN PROXECTO?*
- *¿QUEN O INTRODUCE?*

***AVALIACIÓN DE POSIBILIDADES
É IMPORTANTE O PROXECTO
QUE PROPOMOS?
QUE IMOS CONSEGUIR CON EL?
POR QUE NOS INTERESA?***

NOS PROXECTOS...

1. Recóllese da memoria a información que se relaciona ou semella próxima ao que se vai aprender,...

■ Usando ... ■ **Técnicas variadas:**

■ Debate

■ Análise de materiais

■ Fotoproblema ou problema en imaxes

■ Pirámide invertida

■ KPSI

■ **ÁLBUM DE CROMOS**



■ ...

***AVALIACIÓN
INICIAL***





Avaliación inicial nos proxectos

- Estratexias para estudo de ideas previas



6



outubro 2016

HIMENÓPTERO AZUCENA ARIAS CORREA




NA PRAZA DO POBO

	RESPOSTA	NOME
1. O mel úsase dende moi antigo, hai escenas rupestres de recolección de mel		
2. O mel extráese exprimindo os panais		
3. As abellas viven nas colmeas formando colonias de entre 5.000 e 50.000 podendo chegar a 70.000		
4. Nos enxames hai unha soa abella raíña.		
5. Todas as abellas e abázcaros da colmea son descendentes da raíña dese enxame		
6. O abázcaro fecunda ás abellas durante o voo nupcial e acompañaas ata a cela para que poñan os ovos.		
7. Dende a fecundación as abellas tardan en nacer un mes		
8. As abellas teñen glándulas cereiras nas patas.		
8. A pupa é unha das fases de desenvolvemento dunha abella.		
8. As abellas comunícanse con sons.		

outubro 2016

AZUCENA ARIAS CORREA



CEIP VILAVERDE 2013-2014.

ÁLBUM DE CROMOS DE UNIVERSO




GRUPO:

NOMES:

**EI 4
ANOS
2015**

ENREIXADO



VERTEBRADO	HIMENÓPTERO	OVÍPARO	ABÁZCARO	FORMIGA
NÉCTAR	PATAS	MAMÍFERO	AGUILLÓN	ESQUELETO
HERBÍVORO	TERRESTRE	CHALICODOMA PLUTA	ALIMENTACIÓN	OCELOS
INVERTEBRADO	PELO	MEL	PICO	COLMEA
TIBIA	COMUNICACIÓN	NIÑO	PANAL	TROCÁNTER



NOS PROXECTOS ...

2. Decídese investigar para avanzar ...

- Elaborar un guion,... que permitan crear un contexto de comprensión e delimitar o campo informativo

***DA AVALIACIÓN INICIAL Á
COMUNICACIÓN DE OBXECTIVOS
DE APRENDIZAXE
RELACIÓN COS ESTÁNDARES***

ONDE INVESTIGAREMOS? FONTES E TÉCNICAS

.3. Escóllense as fontes e sos recursos necesarios...

Decídese conxuntamente as fontes e recursos a usar e as técnicas necesarias para cada fonte.

Fontes: (orais, escritas, dixitais, gráficas,...)

Lugares: (biblioteca, internet, contorno,...)

Persoas: (persoas expertas, familia, veciñanza, ...)

Técnicas: (adecuadas á fonte)

**VALORACIÓN
DAS ÚTILES
EN FUNCIÓN DO
QUE PRETENDEMOS**

HAI QUE ORGANIZARSE...

4. Elabórase un plan conxunto de actuación

O ESPAZO E O TEMPO ESTÁN AO SERVIZO DO ALUMNADO E DO PROFESORADO E NON AO REVÉS:

Cada proxecto require dun tempo e dun espazo específico pero non único.

Precísanse agrupamentos concretos.

Decidímolo conxuntamente. Valoramos posibilidades

Reflectimos as decisións por escrito.

Reorganizamos se é preciso

QUE FACEMOS COA INFORMACIÓN?

5. Trabállase coa información obtida nas fontes

- Presentala e compartila
- Clasificala
- Analizala, valorala, cuestionala
- Estruturala e esquematizala (varias posibilidades)
- Comunicala e compartila (varias posibilidades)

Usaranse diferentes estratexias.

***AVALIACIÓN DOS
RESULTADO
RETOMAR NO
QUE QUEREMOS
SABER***




NOS PROXECTOS ...

Avaliamos conxuntamente

- Valoramos o desenvolvemento do proxecto
- Avaliamos as aprendizaxes realizadas en función do que sabemos
- Valoramos os elementos involucrados no proxecto
- Valoramos a organización
- ...

COMO, CANDO, COMO, CON QUE AVALIAMOS...



RÚBRICAS PARA AVALIAR

**TRABALLO EN
EQUIPO**

PROXECTO




Lista de cotexo

alumnado	Área INFORMACIÓN	AC	AM	AP	BS	CG	CJ	FA	FL
Busca de información	Correcta								
	inadecuada								
Selección e integración da información	Correcta								
	inadecuada								
esquematzación	Correcta								
	inadecuada								
Comunicación da información	Correcta								
	inadecuada								
observacións									

AVALIACIÓN NOS PROXECTOS

- Innda que nun proxecto se van realizando sínteses e valoracións parciais (para saber como o alumnado está interpretando e para intervir e axudarlle na súa aprendizaxe fomentando novas relacións coa información, propiciando o contraste ou abrindo novos interrogantes) e vanse tirando conclusións paseniño, convén establecer momentos de sínteses totais que contribúan á organización do pensamento.



Falamos dunha avaliación formativa, integrada nas diferentes tarefas do proxecto, que proporcione en cada momento a información precisa, que permita o seguimento eficaz do proxecto e indique os erros, as solucións atopadas, dificultades e acertos. O propio proceso dun proxecto fai que sexa imposible sen unha avaliación continua que permita a retroalimentación e o seu mantemento de forma aberta e flexible.

- Podemos usar varios instrumentos:



SÍNTESES PARCIAIS

- Debate
- Guías de observación do traballo en grupo
- Autorrexistros
- Listas de control
- Escadas de valoración
- Rúbricas
- Diarios de clase
- Anecdóticos



AVALIAR O PROCESO SEGUIDO

- É o momento da elaboración de documentos como o **libro de proxecto** (no que se recolle o máis relevante), o álbum do proxecto (con fotos do proceso e pés de foto) que sinteticen e que nos axuden a estruturar, reflexionar, analizar e organizar o proceso seguido, reconstruír o propio percorrido e mesmo transferilo a outras situacións.
- Estes documentos servirán para: achegar datos a outros grupos, indicar o propio progreso durante o proceso, consultar posteriormente, compartir datos coa familia e co resto do centro...



Avaliando...

- Nun proxecto non se trata só de avaliar dende o punto de vista do profesorado. O alumando tamén debe coñecer e valorar o seu propio proceso en relación consigo mesmo e co grupo. *Autoavaliación, avaliación mutua e coavaliación* deben ser posibles nos proxectos e poñen os alicerces para a aprendizaxe autónoma. Debe existir posibilidade de contraste entre avaliación e autoavaliación.
- **Nas últimas fases do proxecto**, dalgún xeito deberán valorarse os resultados obtidos, poderá haber autoavaliación (cadaquén avalía o seu propio traballo, o interese amosado, a implicación no grupo, a aprendizaxe realizada tendo en conta o punto de partida), avaliación de grupo (o grupo avalía o seu traballo colectivamente, observando a súa evolución, erros e acertos, tendo presentes os momentos iniciais) e avaliación externa (de membros da comunidade que se convidan a participar do traballo ou con quen se comparten as aprendizaxes).



ITEMS

- que está a aprender?/que aprendeu?
- como está a traballar?/como traballou?,
- que actitudes variou?,
- que propostas de mellora fai?,
- a que se compromete nun futuro?,
- traballou ben en grupo?
- cadaquén cumpriu os seus roles? os compromisos?
- a organización foi axeitada?
- a temporización estivo acorde?
- que fontes utilizou?, foron adecuadas?, usáronse axeitadamente?,
- ...



AVALIAR

- CARTAFOL: Cada nena e cada neno abre unha carpeta na que vai incluíndo os traballos, documentos, fotos,... do proxecto que máis lle van gustando, engadindo as valoracións, comentarios, e/ ou debuxos sobre aspectos do mesmo que lle resulten máis significativos, ao remate do proxecto poderá ilustrar a portada do seu cartafol.



“Quen avalía?”

- Nun proxecto, ten múltiples respostas:
 - avalía o alumnado (individualmente ou en grupos),
 - o profesorado,
 - o grupo clase...

A recapitulación, síntese e conclusións son tarefas colectivas que lle permiten ao grupo que traballou nun proxecto reflexionar sobre o aprendido e facer propostas de mellora e de afondamento cara a novos proxectos.

Tamén se converte nunha tarefa individual de reconstrución de esquemas cognitivos propios.




NOS PROXECTOS ...

Avaliamos conxuntamente

- Valoramos o desenvolvemento do proxecto
- Avaliamos as aprendizaxes realizadas en función do que sabemos
- Valoramos os elementos involucrados no proxecto
- Valoramos a organización
- ...

COMO, CANDO, COMO, CON QUE AVALIAMOS...



¿CANTO DURA UN PROXECTO?

50 HORAS

TODO UN CURSO

UNS DÍAS

UNHAS HORAS

UN TRIMESTRE

PODE SER O COMEZO
DOUTRO PROXECTO

outubro 2016

AZUCENA ARIAS CORREA

TENTANDO UNHA DEFINICIÓN...



Os proxectos son un **método de traballo**, son unha das respostas que podemos dar o profesorado á necesidade de organizar os contidos na escola dende unha perspectiva **integradora**, creando unhas condicións de aprendizaxe que permitan garantir a comunicación e o intercambio nun proceso de aprendizaxe **autónomo e compartido**. Son un xeito de axudarlle ao alumnado **a organizar o seu pensamento** recollendo o seu interese e a súa curiosidade e **a moverse entre a cantidade inmensa de información**.



EN RESUME

#Proyectos

aprender a gestionar:

planificar, decidir, coordinar, organizar, valorar.



REMATAMOS

QUE APRENDEMOS?

MALETA

PUF-GUAI

SATURNO

FILAS PARALELAS